

Expediente de Enerxía: IN407A/2023/000430-1
Denominación: INST. REC. SECC. AP. N°9NDGRR6A//27-1 PONTECESO
Solicitante: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.
Concello: PONTECESO (CORUÑA (A))

Asunto: Publicación da información pública

Esta xefatura territorial acordou someter a información pública o expediente de referencia. Trasladámoslles o documento de acordo, proxecto e planos para a súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese concello durante trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Cando remate o prazo de exposición pública, **deberán remitir a esta xefatura territorial un certificado acreditativo da súa exposición** no que deberán indicar o seguinte:

- A documentación e as datas da exposición pública.
- Se houbo ou non alegacións; en caso afirmativo, relacionalas na certificación para que consten no expediente administrativo.
- O número de expediente que figura no encabezamento.

Esta exposición pública tamén cumpre o fin de darlle audiencia a ese concello.

Todo o anterior, para os efectos previstos nos artigos 125, 126, 144 e 145 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27/12/2000), modificado polo Real decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (BOE nº 175, do 24/06/2020) e na Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).



Pode encontrar toda a información relativa aos documentos adxuntos no enlace que se mostra a continuación.

Url de descarga: <https://descargas.xunta.gal/11dafb23-a7b7-4930-898a-77ba362ce31e1706264435316>

Contrasinal: 1mhWCC1l

Lista de documentos adxuntados por CENDES:

- 05102023123103-PROYECTO.pdf
- 05102023123408-PLANO.FINCA.pdf
- IN407A 2023-430 - acordo IP (AAdmPyCDUP) - galego.pdf

Este documento está firmado electrónicamente, para a súa comprobación poderá entrar na páxina web institucional que se indica no marxe e insertar o Código de Verificación Electrónica (CVE).

